

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de setembro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vintedous do día dezoito de setembro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1247).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 17, 24 e 31 de xullo de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1248).- SOLICITUDE AO EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR PARA A INCLUSIÓN DA RUTA EUROVELO POLOS CONCELLOS QUE CONFORMAS ESTE ORGANISMO. EXPTE. 3445/101.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os acordos adoptados pola Comisión da Bicicleta en reunión do 11.07.06, e de de conformidade coa proposta asinada polo secretario e polo presidente de dita Comisión, a Xunta de Goberno local acorda:

Solicitar ò Instituto Eixo Atlantico do noroeste peninsular que propoña a inclusión da ruta Eurovelo polos concellos que conforman este organismo, co obxecto de remitir esta petición á entidade europea para que cartografíe esta ruta.

3(1249).- SOLICITUDE AO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO TRANSPORTE URBANO EN BICILETA. EXPTE. 3447/101.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os acordos adoptados pola Comisión da Bicicleta en reunión do 11.07.06, e de de conformidade coa proposta asinada polo secretario e polo presidente de dita Comisión, a Xunta de Goberno local acorda:

Solicitar ò Instituto Enerxético de Galicia unha axuda de 140.000 € para implantar en Vigo unha actuación de Promoción de transporte urbano en bicicleta – Sistemas de bicicleta de uso público- dentro do programa de subvencións e axudas que ten este organismo.

4(1250).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 20.975,56 € A FAVOR DE FEIRA SICO S.L. E DOLORES MARTÍNEZ-VARA DE REY EN RELACIÓN CO SALÓN INTERNACIONAL DA CONSTRUCCIÓN. EXPTE. 3339/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable de Intervención Xeral, do 1.09.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 26.07.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran nas facturas seguintes:

- Factura n.º 09/2006, de data 7/7/2006, da empresa “Feria Sico, S.L.” (CIF: B-36968089) con data de Rexistro Xeral do Concello 18/07/06, polo concepto “Cesión de espacio Area Institucional p/participación no Salón Internacional da Construcción”, cun custo total de 9.027,56 euros, IVE incluído.
- Fra. Nº 26/579, de data 30/06/2006, da empresa “Mª Dolores Martínez-Vara de Rey, S.A.”, con data de Rexistro Xeral do Concello 24/07/06, polo concepto “Subministro en réxime de aluguer do Stand Municipal no Certamen SICO 06 en Vigo”, cun custo total de 11.948 euros, IVE incluído.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Feria Sico, S.L.” (CIF: B-36968089), e “Mª Dolores Martínez-Vara de Rey, S.A.” (CIF: A-28889939) con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.06.00, “Exposiciones e Congresos”, por os importes de 9.027,56 euros, e 11.948 euros, respectivamente.

3º.- Disponer o gasto a favor de “Feria Sico, S.L.” (CIF: B-36968089), e “Mª Dolores Martínez-Vara de Rey, S.A.” (CIF: A-28889939) con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.06.00, “Exposiciones e Congresos”, por os importes de 9.027,56 euros, e 11.948 euros, respectivamente, IVE engadido.

5(1251).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5412/03 INTERPOSTO POR Dª CONCEPCIÓN VÁZQUEZ DURÁN CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 29.06.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto por Dª. Concepción Vázquez Durán contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial por ela formulada, que anulamos por ser contraria a dereito, condenando á Administraicón demandada a que abone á actora a cantidade de 10.812,7 euros, incrementada cos xuros legais dende o 24.09.03. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Vías e Obras e Patrimonio.

6(1252).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4297/03 INTERPOSTO POR Dª MERCEDES OTERO GONZÁLEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 2.02.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto por Dª. Mercedes Otero González contra a desestimación por silencio polo Concello de Vigo da reclamación indemnizatoria formulada pola recorrente o 8 de maio de 2002, en concepto de responsabilidade patrimonial. Sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

7(1253).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4112/03 INTERPOSTO POR CORUJAUTO S.A. CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RESPOSICIÓN CONTRA ACORDO PLENARIO DE DESLINDAMENTO DE PARCELA MUNICIPAL RESPECTO DE PARCELA DO PLAN PARCIAL DE SAMIL. DESESTIMADO..

Dáse conta da sentenza de data 6.04.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por “Corujauto S.A.” contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra o acordo de 29.04.02 do Concello de Vigo polo que se deu aprobaición ao deslinde administrativo da parcela municipal nº 499 polo seu lindeiro Oeste e respecto da parcela nº 5 do Polígono 2, Sector A, do Plan Parcial de Samil. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

8(1254).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4053/03 INTERPOSTO POR MAPFRE INDUSTRIAL S.A. SEGUROS CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. INADMISIBLE.

Dáse conta da sentenza de data 12.04.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos declarar e declaramos a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto por Mapfre Industrial S.A. Seguros contra desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos a consecuencia de inundación no baixo do nº 25 da rúa mimosa, o 25.12.00; sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

9(1255).- SENTENZA DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN Nº 5 DE VIGO NO XUÍZO DE FALTAS 2025/04 NO QUE O CONCELLO FOI DEMANDADO COMO RESPONSABLE CIVIL SUBSIDIARIO DAS CONSECUCIA DUN ACCIDENTE AUTOMOBILISTICO NA ESTRADA DO ZONDAL. SENTENZA ABSOLUTORIA.

Dáse conta da sentenza de data 14.09.05 dictada polo Xulgado de Instrucción nº 5 de Vigo no xuízo de referencia, no que como consecuencia dun accidente automobilístico ocorrido o 29.05.04 na estrada do Zondal, nun trmao que que había terra na calzada (expte. 1027/306), seguiuse este proceso no que o foi denunciado D. José Catoria Conde e o Concello foi parte como responsable civil subsidiario. O Xulgado falla o seguinte:

Que debo absolver como absolveo a Jose Catoira Conde da falla de imprudencia que se lle imputa, con declaración das custas de oficio.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Vías e Obras e á Policía Local.

10(1256.- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 461/2005 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REQUIRIMENTO SOBRE LIQUIDACIÓN DE IBI-2004. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 30.06.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Inadmito, por falla de agotamento da vía administrativa previa, o recurso contencioso-administrativo interposto pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, do requirimento efectuado pola Xunta de Galicia contra a liquidación do Imposto de Bens Inmóbiles xirada polo Concello de Vigo, relativa ao exercizo 2004, en relación ó inmovible con referencia 033403NG2704S0003HX. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta a Admón. De Tribuntos (IBI) e ó Tribunal Económico-Administrativo.

11(1257).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4353/02 INTERPOSTO POR SUMINISTROS DE LA INDUSTRIA DEL AUTOMOVIL S.A. CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 1.06.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por Suministros de la Industria del Automovil S.A. contra desestimación presunta da reclamación e responsabilidade patrimonial por danos, interposta en data 24.08.01 (expte. 14450/240), condenamos ó Concello de Vigo a que abone a favor da parte actora, en concepto de indemnización, a cantidade de 12.000 euros, máis a que resulte da aplicación á mesma do xuro legal do diñeiro comutado dende o 24.08.0 ata a data de notificación deste sentenza; con desestimación das restantes pretensións; sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ós Servizos de Vías e Obras e Patrimonio.

12(1258).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4183/03 INTERPOSTO POR D. CARLOS GÓMEZ MARTÍNEZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL QUE IMPUTA A RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL A SERAGUA-FOCCSA. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 8.06.06 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que rexeitando a alegación de inadmisibilidade formulada e estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Carlos Gómez Martínez contra acordo de 9.09.02 do concello de Vigo, anulamos en parte dito acordo e condenamos ó Concello de Vigo e a “Seragua FOCCSA” a que solidariamente abonen a favor do demandante a cantidde de 9.244,46 euros, maila que resulte de aplicar á mesma o xuro legal do diñeiro computado dende o 17.10.00 ata a data de notificación desta sentenza; sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

13(1259).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 271/04 INTERPOSTO POR Dª Mª LUISA CASTRO VALES CONTRA RESOLUCIÓN QUE ACORDA O ARQUIVO POR CADUCIDADE DO EXPTE. DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 21.07.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de María Luisa Castro vales seguido como P.O. 271/04 contra a resolución do concelliño delegado de Patrimonio do Concello de Vigo de 1.10.04 sobre responsabilidade patrimonial dictada no expediente número 16380/240 pola que se arquiva por caducidade o expediente de responsabilidade patrimonial iniciado con motivo da súa reclamación polo accidente sufrido en data 8.06.02, que se declara conforme a Dereito. Todo iso sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

14(1260).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 122/05 INTERPOSTO POR D. PAULINO PAMPILLÓN PÉREZ E OUTRAS CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO

Dáse conta da sentenza de data 26.07.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Paulino Pampillón Pérez y Construcciones y Proyectos Construyec S.L. fronte ó concello de Vig seguido como P. Pordinario número 122/05, conta o acordo da Xunta de Goberno local do Concello de vigo de 21.03.05 polo que se desestima a reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial na cantidade de 617.446,37 euros formulada por Paulino Pampillón no seu promio nome e no da entidade mercantil Construcciones y Proyectos Construyec S.L., con motivo da anulacion xudicial da licenca de legalización da edificación sita na primeira Travesía de Marqués de Alcedo, número 4 (expte. 4535/401) que se declara conforme a dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

15(1261).- AUTO DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 4 DE VIGO NO PROC. ORDINARIO 250/2005 INTERPOSTO POR CDADE. DE PROPIETARIOS R. ALFONSO XIII Nº 16. AUTO DE DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 19.07.06 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Acórdase ter por desistida á parte demandante, Comunidade de Propietarios C/Alfonso XIII nº 16 de Vigo, da prosecución do presente proceso, fronte ó Concello de Vigo, procedéndose ó sobreseimento do mesmo en relación a dito demandado, podendo o actor promover outro novo sobre o mesmo obxecto. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Disciplina Urbanística da Xerencia municipal de Urbanismo e ó Servizo de Medio Ambiente.

16(1262).- ADXUDICACIÓN DE CINCEIROS NO CEMITERIO DE PEREIRÓ. EXPTE. 7587/255.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 8.09.06, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicarlle ás persoas que se relacionan, os cinceiros que para cada un se expresan, segundo emprazamento e número, nos cemiterios municipais que de seguido se sinalarán:

CINCEIROS NO CEMITERIO DE PEREIRO

<i>NOME DO ADXUDICATARIO</i>	<i>Nº BOCAS</i>	<i>BLOQUE</i>	<i>SOLAR</i>
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ SOUTO	222	36	5
ANA MARTA TORRON CONDE	223	36	5

MARIA JOSEFA GARCIA ENCINA	224	36	5
ROSA MINGUEZ HERMIDA	225	36	5
Mª ANGELES FERNANDEZ DOMINGUEZ	226	36	5
FRANCISCO SANTIAGO DACOSTA	227	36	5
MANUEL FCO. SANMARTIN GARCIA	228	36	5

<i>NOME DO ADXUDICATARIO</i>	<i>Nº BOCAS</i>	<i>BLOQUE</i>	<i>SOLAR</i>
MARIA CARMEN MARTIN SALUDES	47	36	5
FRANCISCO MORENO RODRIGUEZ	51	36	5
REMEDIOS LOPEZ CATALINAS	81	36	5
MARIA ISABEL NOGUEIRA UREÑA	107	36	5

2º.- As adxudicacións outórganse por un prazo de cincuenta anos a contar dende a data da liquidación do nicho ou cinceiro adxudicado.

3º.- De conformidade co previsto no art. 7º da Ordenanza en vigor, os acordos de adxudicación estarán condicionados o pagamento das cantidades sinaladas no apartado A.2 do art. 5º da Ordenanza. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se producira o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo dun mes contado dende a finalización do prazo para pagamento que se fixa na notificación correspondente.

17(1263).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE PEZAS DA BIBLIOTECA-MUSEO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO Á DIRECCIÓN XERAL DE CREACION E DIFUSIÓN CULTURAL DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOSICIÓN TEMPORA. EXPTE. 22/339.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica superior da Casa Galega da Cultura, do 4.09.06, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia as pezas da Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego seguintes: “A gaita a falar” [Monografía impresa] de Ramón Rei Baltar, “Máquina de escribir de Francisco Fernández del Riego” e “Equipo executivo fundador de Galaxia” [debuxo] de Xohán Ledo pertencentes aos fondos da Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego. O destino do préstamo é a exposición “MEMORIAL DE LIBERDADE” que se celebrará no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) entre outubro de 2006 e febreiro de 2007.

As obras que se prestan forman parte da exposición permanente da colección de arte galega do Museo Francisco Fernández del Riego na Casa Galega da Cultura (Praza da Princesa 2, 36202 Vigo).

O detalle das obras solicitadas é:

Rey Baltar, Ramón

[Monografía impresa]

A Gaita a falare : Lembranzas e maldicións : Poemas / Ramón Rey Baltar ; carta-prólogo de Eduardo Dieste ; ilustracións de Castelao, Colmeiro e Seoane. -- Bos Aires : Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina, Central Galega d'Axuda ao Fronte Popular Hespañol, 1939. -- 189 p. : il. ; 19 cm. -- NM 5937. -- FR-83/250. -- Dedic. autógr. do autor

Valor a efectos do seguro 1.000,00 euros

Máquina de escribir de Francisco Fernández del Riego

[Material de oficina]

Fabricante: Underwood (U.S.A.), modelo: Universal. -- [1955-1965]. -- 13x25,5x27,5 cm. -- FR-AP

Valor a efectos do seguro 300,00 euros

Ledo, Xohán

[Debuxo]

Sen título : [Equipo executivo fundador da editorial Galaxia] [Tinta sobre papel] : [Retrato dos membros do grupo executivo de Galaxia. Dende o ángulo inferior esquerdo e no sentido das agullas do reloxo: Antón Beiras García, Emilio Alvarez Blázquez, Rufo Pérez González, Francisco Fernández del Riego, Luis Viñas Cortegoso, Xaime Isla Couto, Xosé Meixide González, Xoán Ledo (seud. de Ricardo García Suárez)] / Sen firma. -- [1950]. -- Ilustracións : 56x43 cm ; Soporte : 72x60 cm. -- Estado de conservación: bo. -- NM 53. -- FR-PI-38 R.53

Valor a efectos do seguro 4.000,00 euros

2º.- O préstamo á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural efectúase segundo as seguintes condicións:

- a) O préstamo da obra realízase de acordo coas condicións técnicas que se achegan na solicitude do prestatario.
- b) O prestatario responsabilizarase de calquera dano ou roubo que poideran sufrir as obras prestadas polo que deberá contratar a póliza de seguro “cravo a cravo” coas cláusulas especiais para obras de arte polo valor indicado polo prestador. Con antelación suficiente á saída das obras, o prestatario deberá proporcionar un certificado desta póliza.
- c) O período de cobertura da póliza de seguro comprenderá, como mínimo, dende o día da saída do préstamo da Casa Galega da Cultura ata o día de entrada (inclusive) do mesmo na Casa Galega da Cultura.
- d) As obras prestadas deberán expoñerse enmarcadas en cristal ou en vitrina pechada.
- e) O transporte das obras realizarase por unha empresa especializada en obras desta natureza; o lugar de recollida e entrega será a Casa Galega da Cultura. Praza da Princesa, 2. Vigo.
- f) Ademais dos datos de identificación das obras que figurarán na exposición e no catálogo tamén se incluírá a referencia: "Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego. Concello de Vigo".

- g) O valor das obras a efectos de seguro é de 5.300,00 € (cinco mil trescentos euros).
- h) O prestatario asumirá as obrigas que lle correspondan en canto á lexislación e normativas sobre propiedade intelectual, en caso de realizar algún tipo de reprodución ou difusión da obra prestada.
- i) O prestatario entregará gratuitamente á Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego. Concello de Vigo un mínimo de 5 exemplares do catálogo da exposición e publicacións que se edite sobre a exposición.

18(1264).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ATENCIÓN Á MULLER DOS ESTUDANTES DO MASTER DE XÉNERO, EDUCACIÓN, POLÍTICAS DE IGUALDADE E LIDERATO. EXPTE. 2525/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 12.09.06 e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 24.08.06, conformado pola concelleira da Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do proxecto de colaboración do Concello de Vigo coa Universidade de Vigo para efectuar prácticas no Máster de educación en igualdade de xénero e opolíticas de igualdade, que figura no expediente como Anexo I.

ANEXO I

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E MASTER/CURSO XENERO, EDUCACION, POLITICAS DE IGUALDADE E LIDERATO

Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. Alberto Gago Rodríguez, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 96/2006, do 8 de xuño, publicado no DOG. nº 115 de 16 de xuño de 2006, de acordo coas competencias que lle , outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 59 dos Estatutos, publicados no DOG, nº 237, do 5 de decembro de 2003, con domiciliQ social no Campus Universitario de Vigo, As Lagoas-Marcosende, Vigo, código postal 36310 de Vigo.

E doutra, , como de , con CIF e razón social.

Ambas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración do presente convenio,

MANIFESTAN

Primeiro: A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial e, en concreto ás do sector institucional procupado por atender ás necesidades e os intereses das mulleres, constitúe unha das preocupacións da sociedade.

Segundo: O complemento que para a formación do/a estudante supón o coñecemento do mundo económico, industrial e empresarial galego é un dos obxectivos que a Universidade de Vigo considera de maior importancia.

Terceiro: Ambas as dúas partes consideran necesario un maior achegamento entre a empresa e a Universidade de Vigo, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos/as universitarios/as mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, logrando á vez a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas do sector, institucións públicas ou privadas que traballan a favor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Cuarto: A impartición do "Máster de xénero, Educación, políticas de Igualdade e Liderato" pola Universidade de Vigo, coas características que o definen preséntase como un punto de partida para levar a cabo do xeito máis efectivo as necesidades e obxectivos anteriormente expostos.

Quinto: Todo isto evidencia a necesidade dun acordo que enmarque a cooperación educativa de ambas institucións e delimita as garantías recíprocas para os/as estudantes do devandito curso e as empresas do sector no desenvolvemento do período de prácticas que se contemplan no mesmo, co fin de eliminar os riscos de actuación con relacións xurídico-laborais alleas ao contido educativo deste acordo no marco do Real Decreto 1497/81 do 19 de xuño, actualizado polo R.D. 1845/94 de 9 de setembro.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de colaboración a teor das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

e a Universidade de Vigo acordan establecer un programa para a realización de prácticas profesionais dos/as estudantes do "Máster Xenero, Educación, políticas de Igualdade e Liderato" de acordo coas seguintes normas:

- 1) Poderán participar na.s prácticas os/as estudantes do citado Máster impartido durante o curso 2006.*
- 2)O tempo de realización de prácticas por parte de cada estudante non será inferior a 70 horas, realizándose preferentemente nos meses de Setembro -Outubro (no caso de que haxa preferencias) .*
- 3)As prácticas realizaranse en (localización se se .sabe)*
- 4)O contido específico das prácticas tratará de proporcionarlle ao/á estudante unha visión global da empresa.*
- 5)A duración calendario e horario das prácticas precisarase coa empresa no marco do presente convenio.*
- 6)A empresa designará un/ha titor/a que se encargará do seguimento das prácticas, propulsará a súa realización e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación.*
- 7)O/A estudante en prácticas non terá en ningún caso relación ou vinculación laboral con, nin terá a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe a tempo parcial ou calquera modalidade existente, de acordo co previsto no R.D. 1497/81 de 19 de xuño, modificado polo R.D. 1845/1994 de 9 de setembro, e no R.D. 2317/93 de 29 de novembro.*
- 8)A dirección do Máster subscribirá, previo ao inicio das prácticas dos/as estudantes, unha póliza de seguros que cubra os riscos de accidente profesional dos mesmos durante as prácticas, incluíndo os desprazamentos ida e volta á empresa, así como os que puideran producirse cando estivesen desempeñando funcións relacionadas coas devanditas prácticas*
- 9) non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino; ningún posto de traballo cun/ha estudante en prácticas. Igualmente, non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo co/a estudante mentres non se derroga expresamente o acordo de colaboración respecto dese/a estudante en concreto, comunicándollo por escrito á Comisión de Seguimento.*

.SEGUNDA.- Comisión de Seguimento

Créase unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por D/na. PurificaciÓn Mayobre Rodriguez e D/na. Beatriz Suárez Briones como representantes da Universidade de Vigo e por D/na. e D/na. , representantes de coas competencias que se sinalan nas cláusulas do presente convenio.

Esta Comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e proporá as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, reuníndose cando así o considere oportuno cada unha das partes.

TERCEIRA: Consignación orzamentaria

Este convenio non supón gasto algún para a Universidade de Vigo, razón pola que non precisa de consignación orzamentaria.

CUARTA

A duración do presente convenio será dun ano e será prorrogable automaticamente agás denuncia por algunha das partes, que deberá ser comunicada cun prazo mínimo de dous meses antes do remate do período de vixencia.

E en proba de conformidade, asíñase o presente Convenio en exemplar duplicado no lugar e data indicados ao comezo.

19(1265).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO PARA O ANO 2006. EXPTE. 3067/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.09.06 e de acordo co informe-proposta do técnico de Xestión de Participación Cidadá, do 21.08.06, conformado pola delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 4631.489.00.00 do vixente orzamento, as subvencións ás asociación que de seguido se relacionan para os programas, proxectos e actividades desenvoltas no ano 2006, dentro do Programa de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario, por un importe total de cento vinte un mil oitocentos vinte un euros (121.821,00 €):

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTOS	Total Puntos	Custe Proxectos	Solicitan	Proposta
1	G36622793	A.VV Cristo da Victoria	Semana Etnográfico-veciñal "Cristo da Victoria"	70	9.000,00 €	4.000,00 €	2.933,97 €
2	G36648640	A.VV S. Miguel Oia	Intercambio de vogalias Mes das Le tras Galegas Actuacións teatrais	50	7.800,00 €	5.400,00 €	2.095,69 €
3	G36633618	A.VV Lavadores	"A Participación cidadá e o Valor da Diversidade"	37	2.400,00 €	1.560,00 €	1.550,81 €
4	G36709004	A.VV Doutor Fleming	Mellora da xestión da asoc.: Económica, proxectos e actividades.	33	1.500,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €

5	G36649325	A.VV "O Carballo" Sárdoma	Campaña Mobilización Veciñal Homenaxe aos maiores Mostra artesanal e Festival e convivencia veciñal	55	4.000,00 €	2.800,00 €	2.305,26 €
6	G36649374	A.VV Nosa Terra de Alcabre.	Curso de informática de Xestión	30	1.500,00 €	1.050,00 €	1.050,00 €
7	G36641710	A.VV Pontenova-Freixeiro	Alfabetización Dixital	73	13.036,00 €	5.180,00 €	3.059,71 €
8	G36651073	A.VV de Cabral Santa Mariña	Cursos e Obradoiros.	58	11.014,14 €	2.714,23 €	2.431,00 €
9	G36655942	A.VV Parada Maceiriña	Maio Cultural. Ciclo Bandas Populares.	33	2.200,00 €	1.100,00 €	1.100,00 €
10	G36644904	A.VV "Rosalía de Castro" da Salgueira	Talla en madeira e Tarecea Festa do Veciño	63	9.100 €	4.550 €	2.640,57 €
11	G36641355	A.VV "Agarimo" San Xoán Poulo	Repuxado en Coiro.	30	2.360,00 €	1.652,00 €	1.257,41 €
12	G36648186	A.VV Camiño Vello de Coia	"Coia, un Barrio en Movemento" Mantemento	61	5.500,00 €	3.850,00 €	2.556,74 €
13	G36655017	A.VV Fonte do Galo	Informática para maiores. Tai-chi e actividades ocio. Revista Informática. Xuntanza galega Corais. Xornadas Culturais-Audiovisuais	79	25.715,00 €	10.656,00 €	3.311,19 €
14	G36623593	A.VV "Monte da Mina" Castrelos	Festa Homenaxe Maiores. Festa Convivencia.	70	6.355,08 €	3.000,00 €	2.933,97 €
15	G36842284	A.VV Plaza da Miñoa	"Promoción do asociacionismo na Parroquia".	48	5.697,00 €	3.987,90 €	2.011,86 €
16	G36640860	A. VV Val do Fragoso	Val do Fragoso Espazo Aberto: Cultura, Participación e Reivindicación.	50	7.600,00 €	3.600,00 €	2.095,69 €
17	G36648293	A.VV Calvario	Curso Informática-Internet	35	2.800,00 €	1.500,00 €	1.466,98 €
18	G36659829	A.VV de Coruxo	Convivencia Maiores. Expo "O Coruxo que Remata". Xornadas de Urbanismo	40	2.900,00 €	1.740,00 €	1.676,55 €
19	G36654036	A.VV San Pedro de Matamá "La Unión"	Homenaxe ós maiores. Curso de Informática.	65	7.220,00 €	5.054,00 €	2.724,40 €
20	G36646545	A.VV de Teis	Arte e Aventuras: Campamento e Ludotecas.	71	7.595,00 €	3.495,00 €	2.975,88 €
21	G36658680	Centro Cultural Cabral Becerreira	XX Romaría Pan de Millo	80	11.705,96 €	6.000,00 €	3.353,10 €
22	G36648996	ACRD Pardavila	XXX Aniversario Día Letras Galegas.	58	8.850,00 €	6.000,00 €	2.431,00 €
23	G36632081	AVCU-CSCR Beade	Cursos de Formación. Cursos Cultura Tradicional. Asesoramento.	234	36.831,31 €	10.896,15 €	9.807,83 €
24	G36617082	Centro sociocultural Valladares	Servizos estables do Centro.	217	18.000,00 €	12.000,00 €	9.095,29 €

25	G36626802	Centro Cultural Artístico e Recreativo Ruevoiro	Ciclo de cine infantil e adultos.	31	1.800,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €
26	G36633428	Sociedade cultural Helios de Bembrive	Festa Convivencia do socio. Festa Convicencia 3ª idade. Cine Familiar.	61	7.500,00 €	4.650,00 €	2.556,74 €
27	G36620854	Sociedad C.D. Atlántida de Matamá	Edición Revista	49	8.000,00 €	5.600,00 €	2.053,78 €
28	G36631703	Sociedade Veciñal Nautilus	Participa en Comesaña: <i>Encontro Veciñal.</i>	43	4.600,00 €	3.220,00 €	1.802,29 €
29	G36628543	Asociación cultural deportiva "Xestas"	Convivencia veciñal de fomento do asociacionismo. Actividades Culturais e Conferencias. Curso Danzas do Mundo.	57	8.795,00 €	6.100,00 €	2.389,09 €
30	G36627941	Asociación Cultural "O Coto"	V Serán. "Peque-Rutas" Sendeirismo	38	3.826,09 €	2.538,00 €	1.592,72 €
31	G36791291	Agrup. Centros Deportivos	Publicación de Revista. Festa dos Voluntarios.	73	7.400,00 €	4.810,00 €	3.059,71 €
32	G36790954	Plan Comunitario Casco Vello	Programa de intervención social do Casco Vello	38	6.000,00 €	3.000,00 €	1.592,72 €
33	G36637890	Club Montañeros Celtas	Boletín Informativo	35	8.600,00 €	1.800,00 €	1.466,98 €
34	G15374598	CITE. Centro Información traballadores estranxeiros.	Encontro sindical solidariedade traballadores emigrantes	29	2.000,00 €	1.400,00 €	1.215,50 €
35	G36621290	Casa Andalucía en Vigo	XVIII Feria Abril en Vigo	69	12.029,00 €	6.000,00 €	2.892,05 €
36	G24504425	Asociación Valponasca	Desarrollo Ocio e Tempo Libre	23	5.000,00 €	1.200,00 €	964,02 €
37	G36828481	Agrupación Cultural Galicia Social	Publicación boletín informativo. Actos Culturais y Festivais.	42	4.340,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €
38	G60053974	Asociación Amas de Casa y Consumo "Agarimo"	Ciclo charlas/coloquios sobre temas de actualidade	17	735,00 €	514,50 €	514,00 €
39	G60054241	Asociación de Xubilados e Pensionistas AVOA	Conferencias e Homenaxes	22	1.100,00 €	300,00 €	300,00 €
40	G36838514	Asociación Fontenova	Xornadas de participación cidadá no Entorno Rural. Formación Voluntarios Solidarios.	34	6.300,00 €	4.410,00 €	1.425,07 €
41	G36801991	Asociación Fundai	Publicación Revista Anual	30	6.914,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €
42	G36685964	Fundación Menela	Ocio sen barreira para persoas con discapacidade en Vigo	34	4.000,00 €	2.800,00 €	1.425,07 €
43	G36797579	Fundación CUME para el desarrollo de Culturas y Pueblos.	Promoción del Voluntariado.	33	12.654,40 €	6.000,00 €	1.383,16 €

44	G36776920	Asociación Familiares enfermos Alzheimer "AFAGA"	V Jornadas Alzheimer: Un problema de todos.	37	5.738,48 €	4.013,48 €	1.550,81 €
45	G36806917	Asociación Padres y Amigos de Niños con Parálisis Cerebral "Hoy por Mañana".	Edición Revista Nº 9.	24	4.029,11 €	1.500,00 €	1.005,93 €
46	G36697324	Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down	"Achégate e coñece a Síndrome de Down"	38	6.245,19 €	3.747,12 €	1.592,72 €
47	G36624120	Asociación padres de minusválidos Pontevedra	Programa voluntariado 2006	29	9.487,14 €	2.000,00 €	1.215,50 €
48	G36605905	Asociación Aspanaex	XIII Marcha Aspanaex: acto lúdico-deportivo y solidario para persoas discapacidade y familia	22	5.940,00 €	1.485,00 €	922,10 €
49	G79408852	Médicos Mundo Galicia	Programa de Voluntariado	33	6.009,90 €	3.025,00 €	1.383,16 €
50	G36959971	Asociación Galega para prevención do Glaucoma	Talleres de Calle	28	3.800,00 €	2.660,00 €	1.173,59 €
51	G36844694	Asociación cidadá para a prevención da Violencia	"Vivir en Vigo". Proxecto de sensibilización e formación	38	16.000,00 €	11.200,00 €	1.592,72 €
52	G36822286	Asociación de Diabéticos de Vigo.	I Jornada de los Diabéticos de Vigo. Campamento Infantil	33	5.200,00 €	3.640,00 €	1.383,16 €
53	G36835403	Asociación de Bulimia y Anorexia de Pontevedra.	IV Seminario Trastornos Comportamento Alimentario	33	6.500,00 €	1.800,00 €	1.383,16 €
54	G36634608	Asociación Benéfica Beiramar	Voluntariado. Exposición de Pintura "Unha Ollada a Galicia"	29	8.500,00 €	3.500,00 €	1.215,50 €
55	G36917037	Asociación Xogais	Campaña "De Ti Dependes". Campaña "Conéctate". Campaña "Vivo"	38	11.984,00 €	5.992,00 €	1.592,72 €
56	G36783611	Unión de Radioaficionados Vigo - Val Miñor	Proxecto Cies: participación de radioaficionados	25	1.692,00 €	1.184,00 €	1.047,84 €
57	G36940641	OutroVigo é Posible	"Achégate a túa cidade": Visitas Guiadas Ciclo de Mesas Redondas Maratón fotográfico.	21	4.100,00 €	2.100,00 €	880,19 €
58	G36904357	Asociación Galega contra o Acoso Moral no Traballo	Programa de concienciación e divulgación e tratamento político, xurídico e psicolóxico do acoso laboral.	33	9.024,00 €	6.000,00 €	1.383,16 €
59	G36781979	Sindicato Independiente do Concello Vigo "SICO"	Edición Revista Informativa	59	6.000,00 €	3.000,00 €	2.472,91 €
60	G36648095	Irmandade Festas Santa Ana de Beade	XXV Festa dos Vellos. Viaxe Cultural con Vellos	46	8.700,00 €	4.350,00 €	1.928,03 €

2º.- Conceder, con cargo á partida 4631.489.00.00 do vixente orzamento, as subvencións ás asociación que de seguido se relacionan para os gastos correntes de funcionamento e mantemento das súas entidades, dentro do Programa de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal, por un importe total de vinte dous mil euros (22.000,00 €):

	CIF	Asociación	Proxecto	Total Puntos	Custe Proxecto	Solicita	Proposta
1	G36622793	A.VV Cristo da Victoria	Gastos mantemento	57	8.888,00 €	2.000,00 €	1.202,30 €
2	G36648640	A.VV S. Miguel Oia	Gastos mantemento	48	5.750,00 €	2.000,00 €	1.012,47 €
3	G36709004	A.VV Doutor Fleming	Gastos mantemento	43	14.680,54 €	2.000,00 €	907,00 €
4	G36649325	A.VV "O Carballo" Sárdoma	Gastos mantemento	36	2.600,00 €	900,00 €	759,35 €
5	G36651073	A.VV de Cabral Santa Mariña	Gastos mantemento	87	25.750,00 €	2.000,00 €	1.835,09 €
6	G36648988	A.VV San Xurxo	Gastos mantemento	52	12.260,00 €	1.900,00 €	1.096,84 €
7	G36655942	A.VV Parada Maceiriña	Gastos mantemento	30	2.500,00 €	1.250,00 €	632,79 €
8	G36644904	A.VV "Rosalia de Castro" da Salgueira	Gastos mantemento	47	4.000,00 €	2.000,00 €	991,37 €
9	G36648186	A.VV Camiño Vello de Coia	Gastos mantemento	48	4.000,00 €	2.000,00 €	1.012,47 €
10	G36655017	A.VV Fonte do Galo	Gastos mantemento	50	5.225,00 €	1.829,00 €	1.054,65 €
11	G36842284	A.VV Plaza da Miñoa	Gastos mantemento	44	3.300,88 €	1.650,44 €	928,09 €
12	G36640860	A. VV Val do Fragoso	Gastos mantemento	88	32.400,00 €	2.000,00 €	1.856,18 €
13	G36659829	A. VV de Coruxo	Gastos mantemento	44	3.955,00 €	1.977,50 €	928,09 €
14	G36654036	A.VV San Pedro de Matamá "La Unión"	Gastos mantemento	38	2.032,53 €	1.016,26 €	801,53 €
15	G36640985	A.VV Travesía de Vigo y Contorno "As Nosas Rúas"	Gastos mantemento	41	5.774,92 €	2.000,00 €	864,81 €
16	G36648996	ACRD Pardavila	Gastos mantemento	44	4.841,00 €	2.000,00 €	928,09 €
17	G36632081	AVCU-CSCR Beade	Gastos mantemento	71	19.062,84 €	1.500,00 €	1.497,60 €
18	G36617082	Centro sociocultural Valladares	Gastos mantemento	53	4.500,00 €	2.000,00 €	1.117,93 €
19	G36633428	Sociedade cultural Helios de Bembrive	Gastos mantemento	46	2.000,00 €	1.000,00 €	970,28 €
20	G36631703	Sociedade Veciñal Nautilus	Gastos mantemento	39	3.000,00 €	1.500,00 €	822,63 €
21	G36628543	Asociación cultural deportiva "Xestas"	Gastos mantemento	37	4.250,00 €	2.000,00 €	780,44 €

3º.- Non conceder subvencións ás entidades que se relacionan, por no ser conformes coas bases 4ª.1. (programas ou proxectos que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo); 4ª.2. (programas ou proxectos que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo ou que o obxecto da petición esta incluído nalgún convenio de colaboración co Concello de Vigo); 4ª.3. (programas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable –infraestrutura e equipamentos-); 4ª.7. (programas que en consideración ao proxecto e programación non reúnen as condicións mínimas de interese xeral); 5ª.e) (que teñan debidamente xustificadas axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior); e 6ª (prazo de presentación das solicitudes e falta de documentación), das reguladoras do Programa, aprobadas en Xunta Local de Goberno de 27.03.06:

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	BASE	DESCRIPCIÓN
1	G36630549	ASDE-Scouts de Galicia	Renuncia por escrito		Proxecto non viable
2	G36870558	Asociación pais mozos discapacidade intelectual ASPAVI	Renuncia por escrito		Proxecto non viable
3	G36622835	Asociación Persoas Sordas de Vigo	Renuncia por escrito		Proxecto non viable
4	G36648988	A.VV San Xurxo	Fogueira San Xoán.	Base 4ª.1	Incluída no Convenio Movevigo
5	G36849883	Asociación Autismo Vigo	Actividades Lúdicas, culturais e deportivas para persoas que padecen T.E.A.	Base 4ª.2	Relación con outra área do Concello: Benestar Social
6	G36861078	Fundación Erguete - Integración.	Interacción.Net. La tecnología TIC al alcance de todos.	Base 4ª.2	Relación con outra área do Concello: Benestar Social
7	G36044295	Asociación ayuda enfermo mental DOA	Integración social a través da practica do Tai	Base 4ª.2	Relación con outra área do Concello: Benestar Social
8	G36688109	Agrupación Deportiva Josefa Alonso (ANPA)	Torneo de Xadrez	Base 4ª.2	Relación con outra área do Concello: Deportes
9	G36936086	Asociación Xuvenil Foro das Utopias	Inculturalia 2006: cartelería, conferencias, carpa, comercio xusto	Base 4ª.2	Relación con outra área do Concello: Xuventude
10	G36649135	Asociación Folclórica Lembranzas Galegas	Festival Internacional. Memorial Marcos Oliveira. Cursos. Viaxes da agrupación	Base 4ª.2	Relación con outra área do Concello: Cultura e Festas
11	G36698686	Asociación Folclórica Andarela	XVI Xornadas de Folclore Mantemento	Base 4ª.2	Relación con outra área do Concello: Cultura e Festas
12	G60049771	Vagalume Colectivo Aventuras Teatrais	Obradoiro: literatura e creatividade	Base 4ª.2	Relación con outra área do Concello: Cultura e Festas
13	G36949063	Asociación Cultural e Musical "Os trasnos da Gaita"	Xornadas de música galega para nenos e nenas. Os Maios na cultura galega. Os Maios na Escola Monte do Alba de Valladares.	Base 4ª.2	Relación con outra área do Concello: Cultura e Festas
14	G36802536	Asociación de Ayuda a la Vida	Revista Eu contoche	Base 4ª.7	Non reúnen condicións mínimas de interese xeral

15	G36972255	Asociación de familias adoptantes en Etiopía	Non figura	Base 5ª	Non están inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións
16	G36320288	Asociación Integración Galego-Brasileira	"Asociacións un nexo de Culturas": xornadas informativas, conferencias, proxeccións, gastronomía...	Base 5ª.e	Non xustificaron ano 2005
17	G36427524	Fundación Igual Arte	Xornadas de Verán 2006	Base 5ª.e	Non xustificaron ano 2005
18	G83117374	Fundación Secretariado Gitano	Curso formación monitores xitanos de baile e percusión flamenca	Base 5ª.e	Non xustificaron ano 2005
19	G36909232	Asociación Comerciantes e Hosteleros VigoVello	Boletín Mensual "VigoVello"	Base 5ª.e	Non xustificaron ano 2005
20	G36955623	Asociación de Malabares e Artes Circenses Malandraxe	"O Novo Circo na Cidade"	Base 6ª	Non presentaron documentación
21	G36957322	Asociación Aretecrática Española	Conferencias sobre dereitos humanos e valores. Formación etnolóxica-rural e acampadas como medio.	Base 6ª	Non presentaron documentación
22	G60055273	Grupo Estudos Sobre Condición Muller Alecrin	Fóra de Prazo	Base 6ª	Fóra de Prazo
23	G36627495	CRAC de Coruxo	Fóra de Prazo	Base 6ª	Fóra de Prazo
24	G36863348	U.V.C.D de Candeán	Fóra de Prazo	Base 6ª	Fóra de Prazo

PROGRAMA DE MANTENEMENTO DAS ENTIDADES DO MOVEMENTO VECIÑAL					
1	G36623593	A.VV "Monte da Mina" Castrelos	Gastos mantemento	Base 4ª.2	Incluído en Convenio propio
2	G36641355	A.VV "Agarimo" San Xoán Poulo	Arranxo Terraza	Base 4ª.3	Obras infraestrutura local

20(1266).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA O AUDITORIO DO CENTRO CULTURAL DE VALLADARES. EXPTE. 1014/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 10.07.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 7.08.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Atención Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 120.000 euros para a subministración de mobiliario para o Auditorio do Centro Cultural de Valladares que se imputarán á partida presupuestaria 46316290001 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), de

7.08.06, modificado de acordo co informe da Asesoría Xurídica de 10.07.2006 e o prego de prescripción técnicas para a subministración de mobiliario para o Auditorio do Centro Cultural de Valladares, 19.06.06.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

21(1267).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DUN CURSO PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE CONDUCIR VEHÍCULOS CLASE D PARA PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA ACTÍVATE. EXPTE. 3717/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 28.08.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a O´SE Alquila, S.A. o procedemento negociado para a contratación dun curso para a obtención do permiso de conducir vehículos clase “D” para persoas beneficiarias do Programa Activate. Expte- 3717/077, por un importe de 16.455 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05.06.2006 e a oferta presentada.

22(1268).- RECLAMACIÓN DE DNA. CRISTINA PARDO VÁZQUEZ DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 693/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións dos expedientes, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 8.09.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Cristina Pardo Vázquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de xullo de 2005 no que expón que a noite do 19 de xullo de 2005 produciuse un incendio nuns colectores de lixo que se atopaban debaixo das ventás da súa vivenda (rúa Aragón nº 21), que provocou danos materiais ás persianas da mesma.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Bombeiros, con data 02/08/2005, sobre a intervención realizada na madrugada do 20/07/2005.*
- *Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, con data 05/08/2005, sobre a intervención realizada na madrugada do 20/07/2005.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 13/09/2005.*

- Decreto polo que se resolve a acumulación do expediente co expediente 723/243, por gardaren ambas as dúas reclamacións íntima conexión ó referírense a feitos ocorridos o mesmo día e no mesmo lugar.
- Informe do servizo de Limpeza, con data 05/10/2005, no que se indica descoñecer as causas ou persoas que incendiaron os colectores.
- Informe da Oficina Municipal de Información ó Consumidor, con data 17/10/2005, no que se indica que o presuposto presentado pola reclamante é correcto.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que non formula alegacións mais presenta documentación adicional con data 07/12/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

O incendio do colector foi orixinado por causas descoñecidas, non quedando acreditado no expediente que se debese ó mal funcionamento do servizo de limpeza, senón que a hipótese máis probábel sobre a súa orixe é a intervención de actos de terceiros, pois non é infrecuente a realización de actos vandálicos contra o mobiliario urbano na nosa cidade.

Aínda que a responsabilidade da Administración configúrase como obxectiva, non permite estender a mesma ata cubrir todos os danos relacionados cun servizo público producidos por terceiros descoñecidos e alleos á propia Administración, tal como sinala a sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo de 17 de marzo de 1993: "...ni el puro deber abstracto de cumplir ciertos fines es suficiente para generar su responsabilidad (por mera inactividad de la Administración) cuando el proceso causal de los daños haya sido originado por un tercero, ni siempre la concurrencia de la actuación de éste exime de responsabilidad a la Administración cuando el deber abstracto de

actuación se ha concretado e individualizado en un caso determinado..." É dicir, que nestes casos en que intervéñ un terceiro, para que responda a Administración é presuposto necesario que o servizo público opere de forma mediata como nexa causal eficiente (sentencias da Sala Terceira do TS de 8 de outubro de 1986 e 11 de febreiro de 1987), ben por omisión da Administración no cumprimento dos deberes de conservación e mantemento dos elementos do servizo, ben coa ineficiencia administrativa na restauración das condicións de seguridade alteradas mediante a eliminación da fonte de risco.

No caso que nos ocupa, non se desprende do expediente que existise unha actuación deficiente do servizo de recollida do lixo, nin da policía local que alertou do incendio ós bombeiros, nin dos propios bombeiros que extinguiron o lume. A reclamante límtase a reclamar os danos e non explica de ningún modo en que consistiría o defectuoso funcionamento do servizo público que actuaría como causa mediata na produción do dano, tal como esixe a teoría xeral da carga da proba.

En definitiva, aínda que xurisprudencialmete vense mantendo un amplo campo da responsabilidade da Administración Pública, esta, como sinala a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 23 de novembro de 2002 "no puede derivar en una especie de "seguro universal" que permita al ciudadano obtener y resarcirse de daños y perjuicios que se producen sin ningún tipo de relación directa con la actividad administrativa, exigiendo de la Administración un actuar que supera con mucho los parámetros de eficacia y diligencia que le son exigibles".

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dña. Cristina Pardo Vázquez, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1269).- RECLAMACIÓN DE D. FRANCISCO MANDIANES DÍAZ DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 723/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións dos expedientes, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 8.09.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Francisco Mandianes Díaz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de agosto de 2005 no que expón que a noite do 19 ó 20 de xullo de 2005 produciuse un incendio nuns colectores de lixo que se atopaban debaixo das ventás da súa vivenda (rúa Aragón nº 21), que provocou danos materiais ás persianas da mesma.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Bombeiros, con data 24/08/2005, sobre a intervención realizada na madrugada do 20/07/2005.*

- Informe do servizo da Policía Local, con data 13/09/2005.
- Decreto polo que se resolve a acumulación do expediente co expediente 693/243, por gardaren ambas as dúas reclamacións íntima conexión ó referírense a feitos ocorridos o mesmo día e no mesmo lugar.
- Informe do servizo de Limpeza, con data 05/10/2005, no que se indica descoñecer as causas ou persoas que incendiaron os colectores.
- Informe da Oficina Municipal de Información ó Consumidor, con data 17/10/2005, no que se indica que o presuposto presentado polo reclamante é correcto.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 14/12/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

O incendio do colector foi orixinado por causas descoñecidas, non quedando acreditado no expediente que se debese ó mal funcionamento do servizo de limpeza, senón que a hipótese máis probábel sobre a súa orixe é a intervención de actos de terceiros, pois non é infrecuente a realización de actos vandálicos contra o mobiliario urbano na nosa cidade. Aínda que a responsabilidade da Administración configúrase como obxectiva, non permite estender a mesma ata cubrir todos os danos relacionados cun servizo público producidos por terceiros descoñecidos e alleos á propia Administración, tal como sinala a sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo de 17 de marzo de 1993: "...ni el puro deber abstracto de cumplir ciertos fines es suficiente para generar su responsabilidad (por mera inactividad de la Administración) cuando el proceso causal de los daños haya sido originado por un tercero, ni siempre la concurrencia de la actuación de éste exime de responsabilidad a la Administración cuando el deber abstracto de actuación se ha concretado e individualizado en un caso determinado..." É dicir, que nestes casos en que intervéñ un

terceiro, para que responda a Administración é presuposto necesario que o servizo público opere de forma mediata como nexa causal eficiente (sentencias da Sala Terceira do TS de 8 de outubro de 1986 e 11 de febreiro de 1987), ben por omisión da Administración no cumprimento dos deberes de conservación e mantemento dos elementos do servizo, ben coa ineficiencia administrativa na restauración das condicións de seguridade alteradas mediante a eliminación da fonte de risco.

No caso que nos ocupa, non se desprende do expediente que existise unha actuación deficiente do servizo de recollida do lixo, nin da policía local que alertou do incendio ós bombeiros, nin dos propios bombeiros que extinguiron o lume. O reclamante limitase a reclamar os danos e non explica de ningún modo en que consistiría o defectuoso funcionamento do servizo público que actuaría como causa mediata na produción do dano, tal como esixe a teoría xeral da carga da proba.

En definitiva, aínda que xurisprudencialmete véñse mantendo un amplo campo da responsabilidade da Administración Pública, esta, como sinala a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 23 de novembro de 2002 “no puede derivar en una especie de "seguro universal" que permita al ciudadano obtener y resarcirse de daños y perjuicios que se producen sin ningún tipo de relación directa con la actividad administrativa, exigiendo de la Administración un actuar que supera con mucho los parámetros de eficacia y diligencia que le son exigibles”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Francisco Mandianes Díaz, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1270).- RENOVACIÓN DO CONVENIO-MARCO FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA O ANO 2006. EXPTE. 3419/307.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de asesoría xurídica 13.07.06 e 4.08.06, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 15.06.06, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Marco para o financiamento da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo no ano 2006.

2º.- Aprobar o gasto de 96.162 € con cargo á partida 4531.489.00.00 do vixente orzamento xeral do Concello, cantidade correspondente á aportación económica municipal a dito Convenio.

CONVENIO - MARCO PARA O FINANCIAMENTO DA FUNDACIÓN
LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO ANO 2006

Vigo, a

de 2006

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Corina Porro Martínez, alcaldesa-presidenta do Concello de Vigo, en representación do mesmo.

E doutra, D. Olimpio Liste Regueiro, presidente da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, en representación da mesma.

EXPOÑEN

Que a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo conta, conforme á súa Acta Fundacional, como Fundadores ó Concello de Vigo e a D. Olimpio Liste Regueiro e a súa esposa Dna. Josefina Fernández Mosquera.

Que dita Fundación foi clasificada de Interese Cultural por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública de 1 de setembro de 1999, e declarada de Interese galego pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o 18 de outubro de 1999.

Que as súas finalidades prioritarias son a promoción e difusión do Patrimonio etnográfico galego e a xestión do Museo Etnográfico de Vigo, e para o seu cumprimento, o 17 de novembro de 2000 asinouse entre o Concello de Vigo e a Fundación un convenio-marco no que se comprometía unha aportación económica anual do Concello de Vigo á Fundación ata fins de 2003 de xeito que se garantizaba o seu normal funcionamento.

Que dende aquela data ata hoxe véñse desenvolvendo con normalidade a actividade da Fundación e do Museo Etnográfico Liste de Vigo, que se sitúa nunha edificación de propiedade municipal cedida temporalmente á Fundación, situada na rúa Pastora, 22.

Que dende o seu inicio, a Fundación ven conquerido distintas aportacións económicas doutras entidades públicas e privadas, aínda que o soporte económico procedente do Concello de Vigo segue a ser vital para o cumprimento das súas finalidades e o desenvolvemento do proxecto cultural que representa.

Que o texto do Convenio de 2004 - 2005 prevía no seu artigo 6 a súa prórroga, renovación ou modificación a partir do remate do ano 2005, por acordo expreso entre as partes asinantes, e rematado o período de compromiso recollido naquel Convenio, ámbalas partes entenden a conveniencia de renovar o acordo-marco.

Polo exposto, as partes acordan subscribir o presente de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. OBXECTO.

O obxecto do presente convenio consiste en garantir o normal funcionamento da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo, a través da aportación económica do Concello de Vigo.

Segunda. CUSTO E FINANCIAMENTO.

O importe da aportación municipal será de 96.162 euros.

O financiamento farase con cargo á partida de gastos 4531.489.00.00. “Aportación á Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo” do Servizo de Patrimonio Histórico, no orzamento de 2006.

Terceira. OBRIGAS DA FUNDACIÓN.

- *Cumprir coas finalidades fundacionais recollidas estatutariamente e realizar as xestións, actuacións e programas previstos nos seus orzamentos anuais.*
- *Establecer a entrada gratuíta ó Museo Etnográfico Liste de Vigo para as asociacións da terceira idade, do Concello de Vigo, así como para os grupos de escolares procedentes de Centros educativos do termo municipal de Vigo.*
- *Colaborar co Concello de Vigo no establecemento de mecanismos de coordinación no ámbito da protección, conservación e difusión do Patrimonio Etnográfico.*
- *Participar na Comisión de Seguimento recollida na cláusula quinta deste Convenio.*

Cuarta. OBRIGAS DO CONCELLO.

- *Aportar á Fundación a cantidade recollida na cláusula segunda deste convenio.*
- *Colaborar coa Fundación no desenvolvemento dos seus fins e obxectivos, especialmente fomentando a colaboración cos servicios e equipamentos municipais relacionados coa etnografía.*
- *Participar na Comisión de Seguimento recollida na cláusula quinta deste Convenio.*

Quinta. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o seguimento deste convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constituirase unha Comisión de Seguimento, que estará composta a partes iguais por persoas designadas polo Concello e pola Fundación.

As características desta Comisión son as seguintes:

- *Servir de comisión de seguimento do cumprimento do estipulado neste Convenio.*
- *Establecer mecanismos de coordinación coas entidades que traballan no ámbito da protección, conservación e difusión do Patrimonio Etnográfico, e moi en especial co Centro de Artesanía Tradicional e a Casa do Cesteiro, equipamentos municipais encargados da promoción, divulgación e investigación dos oficios tradicionais de Galicia.*
- *Propoñer ós órganos que correspondan do Concello de Vigo e ó Patronato da Fundación novas iniciativas no eido da protección, conservación e difusión do patrimonio etnográfico.*

Sexta. PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN.

O pagamento farase do xeito seguinte:

- O 50% do importe total (48.081 euros) á sinatura do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo normal funcionamento da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo, obxecto do presente convenio, e previa certificación favorable do Servizo de Patrimonio Histórico do Concello.*
- O 50% restante (48.081 euros), unha vez presentado o documento fidedigno da aprobación da liquidación dos orzamentos da Fundación do ano 2005, así como o documento de aprobación dos seus orzamentos de 2006 e documentación acreditativa da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.*

Asimesmo presentarase as memorias de actuacións dos anos 2005 e 2006

A xustificación desta subvención por parte da Fundación deberá comprender a documentación que xustifique os gastos efectuados con cargo á mesma, así como unha memoria das actividades realizadas, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións .

Esta documentación deberá presentarse no prazo máximo de tres meses, a contar dende a data de finalización do prazo para a realización da actividade subvencionada.

O Servizo de Patrimonio Histórico será o encargado de certificar a adecuada xustificación da subvención, así como o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión.

Sétima. VIXENCIA

O presente Convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2006, aínda que pode ser prorrogable, renovable ou modificable no seu contido, duración e contía, por acordo expreso entre as partes asinantes, a partir do remate do ano 2006.

Oitava. RÉXIME XURÍDICO

Serán de aplicación ó presente convenio as normas contidas na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36), causas e réxime de reintegro das subvencións (artigo 37), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira da Lei 38/2003, no non previsto no convenio, as restantes normas da Lei Xeral de Subvencións, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio no lugar e datas indicadas no encabezamento.

25.- ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO ESTANQUE E DO MURO DE PECHE DO XARDÍN HISTÓRICO DO PAZO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN. EXPTE. 3518/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 7.09.06, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2005, aprobou a adxudicación por subasta das obras de rehabilitación do muro do estanque de Castrelos, á UTE formada por Norvial, S.L. e Hidroscivil, S.L. por un importe de 125.820,91 euros.

Estas obras comezaron no mes de febreiro e remataron no mes de xuño deste ano 2006.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local:

Aprobar a acta de recepción das obras de REHABILITACIÓN DO ESTANQUE E DO MURO DE PECHE DO XARDÍN HISTÓRICO DO PAZO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN, asinada polo contratista e o director da obra o 28 de xuño de 2006.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1271).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. MANUEL JOSÉ DOCAMPO SOTELO EN CUMPRIMENTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10.03.06. EXPTE. 16648/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.09.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 29.08.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer a aboar á D. Manuel José Docampo Sotelo, nº de persoal 14545, un complemento de produtividade por importe de 1.166,66 € euros, pola especial dedicación esixida como consecuencia do seu traslado provisorio ó Mercado do Progreso por acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de marzo de 2006.

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días .

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

27(1272).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NAS BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN INTERINA DE 3 PRAZAS DE AXUDANTE DE OFICIOS. EXPTE. 16653/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 13.09.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 21 de agosto de 2006, aprobou as bases de selección para contratar interinamente en réxime laboral, 3 prazas de axudante de oficios, vacantes no cadro de persoal (expte. 16590-220).

Observado erro no apartado c) das condicións dos aspirantes polo que se esixía ós/as aspirantes estar en posesión do título de graduado escolar, FP 1 ou equivalente é preciso substituí-la referida titulación pola de “certificado de escolaridade ou equivalente”, de conformidade co disposto No ar. 25 da lei 30/84, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

Así mesmo, na base VI “composición do tribunal”, no parágrafo 7º, onde dí “tódolos membros do tribunal actuarán con voz e voto”, deberá engadírselle: “agás o secretario”, tal e como se reflicte no parágrafo 5º da referida base.

En consecuencia, ó tratarse de erros materiais, tal e como se establece no artigo 105-2 da lei 30/1992, de Réxime Xurídico de Administración Pública e Procedemento Administrativo Común, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a súa corrección nos seguintes termos:

“Primeiro.- Modifica-lo apartado c) das condicións dos aspirantes polo que se esixía ós/as aspirantes estar en posesión do título de graduado escolar, FP 1 ou equivalente, substituíndoo por: “Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.

Segundo.- Na base VI “composición do tribunal”, no parágrafo 7º, onde dí “tódolos membros do tribunal actuarán con voz e voto”, deberá engadírselle: “agás o secretario”, tal e como se reflicte no parágrafo 5º da referida base.

A presente modificación insertarase no BOP para ampliación do prazo de presentación de solicitudes por un novo período de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ó da súa publicación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1273).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 12.864,94 € CORRESPONDENTES AOS GASTOS DA ASISTENCIA INSTITUCIONAL DA CONCELLERÍA DE TURISMO E COMERCIO ÁS FEIRAS DE ABRIL A MAIO. EXPTE. 1943/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de intervención xeral de 5.09.06 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, conformado polo concelleiro de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na relación de facturas que seguen.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de dos provedores que figuran en cada unha das facturas da relación que segue, e pola cantidade que se especifica en cada unha delas, con cargo á partida 7510 22 60 600 (Reunións e Conferencias) do presuposto actualmente en vigor do departamento de Turismo e Comercio, por importe total de 12.864,94 euros, IVE incluído.

RELACION DE GASTOS A CONVALIDAR:

- Nº. 000141, de P.S. VOGA Azafatas S.L, data de Rexistro Xeral 14/06/06, polo concepto “*Azafata durante Natalia 2006*”, por importe de 378,62 euros, IVE incluído.
- Nº. 000129, de P.S. VOGA Azafatas, data de Rexistro Xeral 26/05/06, concepto “*Dúas azafatas Salón automóbil de Vigo*”, por importe de 1.104,32 euros, IVE incluído.
- Nº. 66/2006, de Proporción & Medios S.L, data de Rexistro Xeral 20/06/06, concepto “*transporte, montaxe e desmontaxe stand Salón Automóbil de Vigo*”, por importe de 5.104 euros, IVE incluído.
- Nº. 148/06, de Eventos del Motor S.L, data de Rexistro Xeral 20/06/06, concepto “*superficie Salón Automóbil de Vigo*”, por importe de 3.480 euros, IVE incluído.
- Nº. CO 74, de Sociedade de imaxe e promoción turística de Galicia S.A, data de Rexistro Xeral 17/07/06, concepto “*restante cuota participación coexpositor SITC 2006*”, por importe de 1.000 euros, IVE incluído.
- Nº. 004/2006, de Organización e Asistencia Vigogala S.L, concepto “*informadora turística Salón Internacional de Turismo de Cataluña*”, por importe de 1.798 euros, IVE incluído.

29(1274).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A CONTRUCCIONES CONDE S.A. POR VALADO DE OBRA NA RÚA LA PAZ. EXPTE. 50120/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 7.09.06, conforma do polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

Con data 22 de abril de 1988, autorizouse a CONSTRUCCIONES CONDE, S.A. a ocupación da vía pública cun valado de 12 m2. na r/ La Paz, con número de expediente-752/401.88, para nave con licencia de obras núm. 34561/86. Constituindo unha fianza de (75.000.- pts. – 450,76 €), polos posibles danos no pavimento, que foi depositada con número de mandamento de ingreso 255/88 de data 04-05-1988.

Solicitada a devolución da fianza unha vez rematadas as obras, con número de documento 60089454 con data de entrada no rexistro xeral de 23-08-2006. Remítase a inspección.

Na inspección feita con data 06 de setembro de 2006, indícase que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (75.000.- ptas. – 450,76 €), a favor de CONSTRUCCIONES CONDE, S.A.).

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de (75.000.- ptas. – 450,76 €), a favor de CONSTRUCCIONES CONDE, S.A.

30(1275).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A TGC. MEDIO AMBIENTE S.L. POR PERMISO DE CIRCULACIÓN CUN VEHÍCULO-CAMIÓN Á RÚA PRÍNCIPE, VELÁZQUEZ MORENO E PORTA DO SOL. EXPTE. 50019/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 8.09.06, conforma do polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

Con data 24 de xullo de 2006 e con número de documento 60080810 solicítase devolución de fianza por permiso de circulación cun vehículo-camión de 10.000 kg. a r/ Príncipe, Velázquez Moreno e Porta do Sol, feito en abril de 1999, polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal.

Non tendo constancia nos arquivos deste Servizo, de documentación que poidera corroborar o ingreso da fianza en Tesourería Municipal, remitiuse unha dilixencia a Tesourería, co data 14-08-2006, os efectos de coñecer si efectivamente consta nos arquivos dese Departamento a fianza sin devolver.

Con oficio do 23-08-2006 O Sr. Teoureiro indica que con data 04-05-1999, o solicitante, constituíu un depósito pon un importe de tres mil cinco euros e seis céntimos, (3.005,06 €) mediante aval do Banco Pastor e mandamento de ingreso numero 199900015751 do concepto non orzamentario 70200, para responder dos danos que poidera ocasionar un vehículo-camión de 10.000 kg. ó circular polas rúas Príncipe, Velázquez Moreno e Porta do Sol.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (3.005,06 € – tres mil cinco euros e seis céntimos) a favor de T.G.C. MEDIO AMBIENTE, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de (75.000.- ptas. – 450,76 €), a favor de CONSTRUCCIONES CONDE, S.A.

31(1276).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ninguna intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.